

Construímos a pirámide de poboación de Redondela


➤ Iremos elaborar, paso a paso, a **pirámide de poboación de Redondela**.

➤ Presta atención ós seguintes **pasos** para poder elaborar a túa pirámide:

1. Sobre un papel cuadriculado, trazamos **dous eixos horizontais** (da mesma medida), deixando un oco entre eles.




2. A continuación, debuxa **dous eixos verticais**, tal e como ves no exemplo:




3. No oco central, desde abaixo, **distribúe os grupos de idade** (de 5 en 5), tal e como ves no exemplo:

É importante distribuír os grupos de 5 en 5, como:

- 0 a 4
- 5 a 9
- 10 a 14




4. Nas **liñas horizontais**, vai numerando do 1 ó 5 cada dous cadrados, coma no exemplo:



5. Vai sinalando, a lapis, ata onde chegan os grupos de idade, cos datos da táboa que tedes máis abaixo.

6. Debuxa as barras e pinta dunha cor a parte dos homes e doutra cor a das mulleres.



7. Recorda indicar, na parte superior, que lado corresponde ós homes e cal ás mulleres.

Datos para construír a pirámide de poboación de Redondela:

Datos a 1 de xaneiro de 2022

Grupo de idade	Homes	Mulleres
0-4	1,5%	1,4%
5-9	2%	1,8%
10-14	2,5%	2,3%
15-19	2,4%	2,4%
20-24	2,3%	2,0%
25-29	2,3%	2,3%
30-34	2,5%	2,4%
35-39	2,9%	2,8%
40-44	4,1%	4,1%
45-49	4,7%	4,6%
50-54	4,2%	4,2%
55-59	3,6%	3,8%
60-64	3,4%	3,6%
65-69	3,0%	3,6%
70-74	2,7%	3,2%
75-79	2,0%	2,7%
80-84	1,1%	1,7%
+85	1,1%	2,5%